# Formalización da alta na Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI)

asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación

Para solicitares a alta na AGPTI debes seguir estes pasos:

1. Enche o formulario das páxinas seguintes e envíao conforme se indica no punto 3 e nas instrucións da páxina 2.

2. Achega a seguinte documentación segundo a categoría de asociada/o á que queiras pertencer:

   - Profesionais da tradución e da interpretación:
     - Por conta propia: fotocopia da declaración censal de alta na actividade (modelo 036 ou 037) e do último boletín de cotización á Seguridade Social.
     - Por conta allea: copia de contrato, carta, certificado ou calquera documento da empresa ou institución en que conste que estás contratada/o como tradutor/a e/ou intérprete ou que desempeñas este tipo de labor no teu posto de traballo.
   - Estudantes da licenciatura en Tradución e Interpretación: fotocopia do resgardo de matrícula do curso actual.
   - Licenciadas/os en Tradución e Interpretación: fotocopia do título ou da solicitude de expedición.
   - Todas/os as/os asociadas/os: fotografía tamaño carné para incluír no carné de asociada/o. Este carné é optativo e cumprirá envialo por correo postal.

3. Envía o formulario asinado e a documentación por correo postal á secretaría da AGPTI:

Secretaría da AGPTI
Patricia Buján Otero
Rúa San Bernardo 3, 2.º
E-36202 Vigo

Unha vez recibida a túa documentación, a xunta directiva da AGPTI avaliará a solicitude e comprobará se cumpre os requisitos estipulados nos estatutos. Este proceso pode levar ata un máximo de tres meses. Se a túa solicitude cumpre os requisitos detallados, recibirás un correo electrónico a través do cal se che comunicará a túa alta na asociación, a maneira de te subscribires á lista de distribución da AGPTI e calquera outra información que no seu momento sexa pertinente.

As cotas de inscrición como socia/o son de carácter anual e ascenden a 60 € para profesionais e 24 € para estudantes e licenciadas/os. É imprescindíbel que nos facilites os datos bancarios que se solicitan ao final do formulario de alta para pódermosche pasar o recibo anual da cota de socia/o. Dado que non é fácil determinar en que mes exacto do ano se han pasar as cotas, a tesoureira enviará un correo electrónico a todas as persoas asociadas, a través da lista de distribución, o mes anterior ao cobramento das cotas, de maneira que poidas comprobar que a conta facilitada no seu momento segue vixente e que ten os fondos suficientes para facerlle fronte ao pagamento.

A AGPTI é unha asociación sen ánimo de lucro que vai adiante grazas ao traballo voluntario das socias e socios. Para sabermos cales son as capacidades de traballo reais que temos nas distintas áreas, pregámosche que cubras o apartado «Áreas de traballo de interese na asociación» con coidado, tendo en conta a túa capacidade e coñecementos.

Se tes calquera outra dúbida á hora de cubrires o formulario, podes resolvela a través do correo electrónico secretaria@agpti.org.

## FORMULARIO DE ALTA

Unha vez cuberto, imprime o formulario, asínao e envíao por correo postal ao enderezo arriba indicado. É imprescindíbel que nolo envíes asinado. No entanto, para axilizar a xestión da alta, tamén nolo podes enviar previamente por correo electrónico ao enderezo da secretaría (secretaria@agpti.org) premendo no botón ENVIAR. No campo OBSERVACIÓNS podes consignar calquera información adicional que queiras engadir (por exemplo, combinacións lingüísticas —segundo ISO639— que non aparezan nos despregábeis).

agpTi
asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación

### DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:

NIF/pasaporte: Lugar e data de nacemento:

Enderezo:

Código postal/ localidade:

Correo-e 1: Correo-e 2:

Tel. fixo: Móbil: Fax:

Sitio web:

### Categoría de socia

### Datos bancarios

Entidade bancaria:

Núm. de conta (20 díxitos):

### Áreas de traballo de interese na asociación

- ☐ Busca de recursos e financiamento
- ☐ Organización e xestión de actividades
- ☐ Xestión interna
- ☐ Grupo de traballo: condicións laborais na interpretación
- ☐ Grupo de traballo: condicións laborais na T/I xurada
- ☐ Grupo de traballo: condicións laborais na tradución audiovisual
- ☐ Grupo de traballo: condicións laborais na tradución literaria

### Sinatura

**Data e lugar:**

## SERVIZOS[1]

### Traducción

| LO | LT |
|---|---|

### Interpretación

| LO | LT |
|---|---|

### Corrección/revisión

| LO | LT |
|---|---|

### Tradución xurada

| LO | LT |
|---|---|

### Interpretación xurada

| LO | LT |
|---|---|

### Comentarios:

Enviar

1 Este apartado só é aplicábel ás solicitudes de alta como profesional. Estes datos relativos aos servizos incluiranse no motor de busca de profesionais do sitio web da asociación: www.agpti.org.